

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de xuño de 2002.

LUCAS GIMÉNEZ

Excmos. Sres. Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e Ministra de Sanidade e Consumo.

XEFATURA DO ESTADO

11298 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto lei 5/2002, do 24 de maio, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.* («BOE» 139, do 11-6-2002.)

Advertidos erros no Real decreto lei 5/2002, do 24 de maio, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do 1 de xuño de 2002, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 765, primeira columna, no artigo primeiro. Sete, tralo primeiro parágrafo suprímese «1.», iniciándose as comiñas antes da letra a).

Na páxina 767, primeira columna, no artigo cuarto, 1.2), b), na sexta liña da taboa, onde di: «Desde 1246 ata 1439», debe dicir: «Desde 1260 ata 1439».

Na páxina 767, segunda columna, no artigo cuarto, 1.2), c), onde di: «... ós agrícolas fixos.», debe dicir: «... ós traballadores agrarios fixos por conta allea.».

Na páxina 768, primeira columna, no artigo quinto. Tres, tralo primeiro parágrafo, suprímese «1.», iniciándose as comiñas antes da letra a).

Na páxina 775, na disposición derradeira segunda. Tres, a), onde di: «... trala entrada en vigor do dito real decreto lei, cando...», debe dicir: «... trala entrada en vigor do mesmo, cando...».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11303 *ORDE PRE/1376/2002, do 5 de xuño, pola que se inclúen as substancias activas denominadas acibenzolar-S-metilo, ciclanilida, fosfato férrico, pimetrozina e piraflufeno-etilo, no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.* («BOE» 139, do 11-6-2002.)

A Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo, sobre comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe un anexo, titulado «Substancias activas con incorporación autorizada nos produtos fitosanitarios». A dita directiva incorpórase ó ordenamento xurídico español

en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra parte, na Orde do 14 de abril de 1999, establécese o anexo I do dito Real decreto 2163/1994, baixo a denominación «lista comunitaria de substancias activas», que se define no punto 16 do artigo 2 da dita norma como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e a incorporación das cales se fará pública mediante disposicións nacionais, como consecuencia doutras comunitarias.

Mediante a Directiva 2001/87/CE, da Comisión, do 12 de outubro, inclúense as substancias activas acibenzolar-S-metilo, ciclanilida, fosfato férrico, pimetrozina e piraflufeno-etilo, no anexo I da Directiva 91/414/CEE, establecendo as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente.

A presente orde incorpora ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2001/87/CE, mediante a inclusión das substancias activas acibenzolar-S-metilo, ciclanilida, fosfato férrico, pimetrozina e piraflufeno-etilo, no anexo I do Real decreto 2163/1994, e dictase de acordo coa facultade establecida na disposición derradeira primeira do dito real decreto.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultados os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente e da ministra de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo único. Inclusión de substancias activas no anexo I do Real decreto 2163/1994.

1. As substancias activas denominadas acibenzolar-S-metilo, ciclanilida, fosfato férrico, pimetrozina e piraflufeno-etilo inclúense no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, coas características e condicións que para cada unha delas se especifican no anexo desta orde.

2. A inclusión das substancias activas a que se refire o punto 1 levará consigo a revisión das autorizacións provisionais dos produtos fitosanitarios que as conteñan, concedidas de acordo co disposto no artigo 23 do Real decreto 2163/1994, e, cando corresponda, serán substituídas por autorizacións plenas.

3. As ditas revisións, así como o outorgamento de novas autorizacións, realizaranse de conformidade cos principios uniformes para a avaliación e autorización de produtos fitosanitarios, tendo en conta ademais as conclusións da versión final dos informes de revisión da Comisión Europea, aprobados no Comité Fitosanitario Permanente nas datas que, para cada unha das referidas substancias activas, se indican no anexo desta orde, particularmente os seus apéndices I e II. Non obstante, o cumprimento dos requisitos de documentación correspondentes ós preparados e as decisións de conformidade cos principios uniformes para a avaliación e autorización destes esixiranse nos prazos que se especifican no dito anexo.

4. No Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios da Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agri-